



**CENTRO EUROPEO DE EMPRESAS E  
INNOVACIÓN DE GALICIA, S.A.**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**



---

## **I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2011 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO**

### **I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO**

C.E.E.I. GALICIA ven desenvolvendo desde os seus inicios unha importante labor de apoio e soporte ó tecido empresarial galego. Tanto na fase de xestación da idea de negocio como na etapa de consolidación da actividade empresarial.

Así, desde a súa constitución, e como instrumento de desenvolvemento rexional impulsa e apoia a creación, consolidación e expansión de empresas a través de catro liñas prioritarias de actuación:

- Servizos a emprendedores e de creación de empresas
- Mellora competitiva de empresas
- Promoción de novas empresas nos sectores estratéxicos de Galicia
- Participación en Redes de Cooperación

O plan de actividades para o ano 2011, mantén este espírito e refórzao ó ter como pilares de actuación, para o seu desenvolvemento, ós emprendedores, ós empresarios e de modo especial a innovación. Non debemos esquecer que C.E.E.I. GALICIA desde os seus comezos tivo na innovación un eixo central da súa actividade, realizando accións multidisciplinares (formativas, consultivas, etc) de apoio e de mellora das estruturas empresariais existentes.

As novas actuacións materialízanse na continuidade das accións xa consolidadas, as cales foron desenvolvidas en exercicios anteriores, e que estarán acompañadas de novas liñas de traballo.

Todo isto en consonancia cos eixos estratéxicos reflectidos tanto nas actividades do IGAPE, como nos diferentes documentos que definen as liñas estratéxicas da economía galega actualmente, que son os que en definitiva contemplan as actuacións e fontes de financiación europeas previstas (FSE / FEDER) para acadar os obxectivos de Converxencia, de Competitividade Rexional e Emprego e de Cooperación Territorial Europea e de Fomento do Espírito Empresarial e Mellora da adaptabilidade de Traballadores, Empresas e Empresarios.

Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia (MECEGA) 2007 - 2013.

Acordos en Materia de medidas de desenvolvemento económico e industrial, sobre Investigación, Desenvolvemento, Innovación e Sociedade da Información e Sectoriais de

Desenvolvemento e Modernización incluídas no ACORDO POLA COMPETITIVIDADE DE GALICIA 2008 - 2011 da Xunta de Galicia.

Os Obxectivos Específicos do PLAN DE REEQUILIBRIO TERRITORIAL DE GALICIA 2007 - 2010 da Xunta de Galicia que marcan as liñas maestras da economía galega.

Deste modo, para cada eixo de actuación establecido para C.E.E.I. GALICIA desenvolveranse actuacións no campo da difusión da cultura emprendedora, reforzaranse as accións de formación, melloraranse e elaboraranse novas ferramentas e recursos de apoio, prestarase especial interese e atención ás redes de traballo, xa consolidadas ou nacentes dentro do emprendedurismo, sen deixar de prestar asistencia técnica, servizos de apoio e soporte a todos os proxectos que se deriven e complementen todos estes eixos.

A liña de traballo do BIC GALICIA, en liñas xerais, basearase en utilizar o coñecemento existente para aplicalo ás necesidades e problemas das empresas, utilizando como vehículo para chegar a elas instrumentos tales como:

Confederacións e agrupacións empresariais (Confederacións de empresarios, Cámaras, Asociacións e agrupacións sectoriais / Clusters, AXES, Plataformas Tecnolóxicas, Asociacións de Autónomos, etc.)

Asociacións de carácter espacial: de Desenvolvemento Comarcal, Polígonos Empresariais

En colaboración con outras entidades (FEUGA, Fundación Genoma, etc.) e con outros organismos públicos (Consellerías, Diputacións, Concellos, outros organismos doutras Comunidades Autónomas, organismos de carácter estatal, etc.)

Os principais eixos e as directrices sobre os que se asenta a actividade de C.E.E.I. GALICIA para o exercicio 2011 son:

#### **Eixo I. Emprendedores:**

Dinamizar, difundir e inculcar o espírito emprendedor, coa potenciación da creación de empresas en Galicia.

Difusión da cultura emprendedora: a difusión e dinamización do espírito empresarial e da adaptabilidade das pequenas empresas.

Servizos de apoio á creación e desenvolvemento de empresas: a formación e o asesoramento no área da xestión empresarial dacordo coas necesidades reais dos emprendedores e das novas ideas de negocio.

Redes emprendedoras: actuacións de apoio técnico e metodolóxico ás entidades locais e autonómicas e demais organismos galegos que presten servizos a emprendedores.

## Eixo II. Consolidación:

Incrementar tanto o tamaño medio das pemes e micropemes, coma o tempo de duración das mesmas.

○ crecemento, fortalecemento e afianzamento das micropemes galegas.

A participación en redes de cooperación e proxectos que favorezan a expansión das Pemes facilitando o seu acceso a novos mercados e a participación en encontros de negocios, facendo un especial énfase nos de carácter internacional.

A detección de novas oportunidades de negocio nos sectores económicos estratéxicos da economía galega, promovendo a creación de novas empresas.

## Eixo III. Innovación:

Incrementar a capacidade de innovación das empresas galegas, que en definitiva é unha das misións estratéxicas do C.E.E.I. GALICIA, apoiándonos nos seguintes pilares:

Incrementando a capacidade de xestionar a innovación das empresas galegas mediante a utilización de diversas ferramentas e metodoloxías, tanto xenéricas (formación) como específicas (programa Mentoring).

Favorecendo a creación de novas empresas innovadoras no tecido galego, mediante o desenvolvemento de programas específicos (PROXECTO BIOEMPRENDE), como xenéricos.

Difundindo na empresa e no sistema educativo galego as vantaxes competitivas que suporía o incremento da capacidade de innovación.

### I.1.1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DO OBXECTIVO XERAL	CRITERIO DE ORDENACIÓN (ART. 1 DA ORDE DO 18 DE MAIO, INSTRUCCIÓN PARA A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DA C.A.)
A	Dinamizar, difundir e inculcar o espírito emprendedor, potenciando a creación de empresas en Galicia	d)Fomentar políticas de gasto que supoñan unha contribución máis relevante na mellora da produtividade e competitividade da nosa economía
B	Incrementar o tamaño medio das pemes e micropemes, e a vida das mesmas	d)Fomentar políticas de gasto que supoñan unha contribución máis relevante na mellora da produtividade e competitividade da nosa economía
C	Incrementar a capacidade de innovación das empresas galegas	e)Potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e na sociedade da información e do coñecemento

## I.1.2. OBXECTIVOS OPERATIVOS

### LIÑA ESTRATÉXICA: *Emprendedores*

Dinamizar, difundir e inculcar o espírito emprendedor, coa potenciación da creación de empresas en Galicia.

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
CÓDIGO	DESCRICIÓN DO OBXECTIVO OPERATIVO	CUANTIFICACIÓN	PROGRAMA DA TRANSFERENCIA QUE O FINANCIA
AA	Difusión da cultura emprendedora: a difusión e dinamización do espírito empresarial e da adaptabilidade das pequenas empresas.	3.000 potenciais emprendedores dinamizados	741A 741B
AB	Servizos de apoio á creación e desenvolvemento de empresas: a formación e o asesoramento na área da xestión empresarial de acordo coas necesidades reais dos emprendedores e das novas ideas de negocio.	350 emprendedores asesorados	741A 741B
AC	Redes emprendedoras: Actuacións de apoio técnico e metodolóxico ás entidades locais e autonómicas e demais organismos galegos que presten servizos a emprendedores.	200 técnicos e axentes de emprego e desenvolvemento local formados/asistidos	741A 741B

Para a definición destes obxectivos apoiámonos, entre outros factores, nas diferentes medidas de actuación que o IGAPE definiu dentro dos eixos: I. EMPRENDEDORES, 3. INTERNACIONALIZACIÓN, 4. MELLORA DA COMPETITIVIDADE do Plan trienal 2007-2009 e que se citan a continuación:

**Medida: Difusión da cultura emprendedora. A difusión e dinamización do espírito empresarial e da adaptabilidade das pequenas empresas.**

I.1.1. Programa de difusión da cultura emprendedora

I.1.2. Elaboración de metodoloxías para centros formativos

**Medida: Servizos de apoio á creación e desenvolvemento de empresas. A formación e o asesoramento na área da xestión empresarial de acordo coas necesidades reais dos emprendedores e das novas ideas de negocio.**

I.3.1. Servizos de apoio para proxectos emprendedores

I.5.2. Servizo de diagnóstico e seguimento para proxectos emprendedores

**Medida: Redes emprendedoras: Actuacións de apoio técnico e metodolóxico ás entidades locais e autonómicas e demais organismos galegos que presten servizos a emprendedores.**

Rede Extendida do emprendedor

Portal do emprendedor

### LIÑA ESTRATÉXICA: Consolidación

Nos últimos anos, o acceso a un mercado global e a necesidade de implementar procesos de mellora continua nas empresas, xerou a necesidade de prestar unha especial atención a aquelas empresas que están na fase de consolidación e afianzamento da súa actividade empresarial.

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DO OBXECTIVO OPERATIVO	CUANTIFICACIÓN	PROGRAMA DA TRANSFERENCIA QUE O FINANCIA
BA	Apoio ó crecemento, fortalecemento e afianzamento das micropemes galegas.	100 empresas	741A 741B
BB	A participación en redes de cooperación e proxectos que favorezan a expansión das Pemes facilitando o seu acceso a novos mercados.	2 empresas participando en proxectos / misións / rondas de negocios internacionais	741A 741B
BC	A detección de novas oportunidades de negocio.	Identificación de 6 novos proxectos de negocio detectados	741A 741B

Para a definición destes obxectivos, apoiámonos, entre outros factores, nas diferentes medidas de actuación que o IGAPE definiu dentro dos eixos: 1. EMPRENDEDORES, 3. INTERNACIONALIZACIÓN, 4. MELLORA DA COMPETITIVIDADE:

**Medida: Apoio ó crecemento, fortalecemento e afianzamento das micropemes galegas.**

4.3.2. Axudas á mellora da competitividade e á innovación empresarial

4.3.3. Servizos de Consultoría Especializada para a introducción de melloras

**Medida: A participación en redes de cooperación e proxectos que favorezan a expansión das Pemes facilitando o seu acceso a novos mercados.**

3.3.1. Axudas á participación en feiras e eventos internacionais

3.5.1. Servizos de apoio en mercados internacionais

3.5.2. Dinamización da cooperación empresarial internacional

4.4.1. Identificación e captación de empresas de alto potencial

**Medida: A detección de novas oportunidades de negocio.**

1.5.2. Servizo de diagnóstico e seguimento de proxectos emprendedores

Axudas á mellora da competitividade e á innovación empresarial

Servizos de Consultoría Especializada para a introducción de melloras

### LIÑA ESTRATÉXICA: *Innovación*

Desde o inicio da actividade empresarial de C.E.E.I. GALICIA, a "innovación" foi parte fundamental da súa actividade, xa que as iniciativas empresariais deben basearse sobre aqueles elementos de innovación que lles permitan adquirir vantaxes competitivas.

No actual contexto competitivo e globalizado, a capacidade de innovar é a mellor vantaxe competitiva. Por este motivo, a Innovación debe continuar sendo un dos eixos estratéxicos de C.E.E.I. GALICIA para o exercicio 2011.

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DO OBXECTIVO OPERATIVO	CUANTIFICACIÓN	PROGRAMA DA TRANSFERENCIA QUE O FINANCIA
CA	Incrementar a capacidade de xestionar a innovación das empresas galegas mediante a utilización de diversas ferramentas e metodoloxías, tanto xenéricas (formación) como específicas (programa Mentoring).	40 empresas	741A 741B
CB	Favorecer a detección e análise de oportunidades de negocio innovadoras e a creación de novas empresas de carácter innovador en o tecido galego, mediante o desenvolvemento de programas específicos (GALICIA BIOEMPRENDE), como xenéricos.	30 proxectos de negocio innovadores 10 novas empresas de carácter innovador creadas	741A 741B
CC	Difundir na empresa e no sistema educativo galego as vantaxes competitivas que suporía o incremento da capacidade de innovación.	6 Talleres de Innovación 100 alumnos formados	741A 741B

Para a definición de estes obxectivos apoiámonos, entre outros factores, nas diferentes medidas de actuación que o IGAPE definiu dentro dos eixos: 1. EMPRENDEDORES, 3. INTERNACIONALIZACIÓN, 4. MELLORA DA COMPETITIVIDADE:

**Medida: Incrementar a capacidade de xestionar a innovación das empresas galegas mediante a utilización de diversas ferramentas e metodoloxías, tanto xenéricas (formación) como específicas (programa Mentoring)**

1.5.3. Servizo de Mentoring para proxectos de alto potencial tecnolóxico/innovador

4.1.1. Programas de difusión de novas tendencias, ferramentas de xestión avanzadas

Axudas á mellora da competitividade e á innovación empresarial

Dinamización de programas de Benchmarking

Servizos de mentoring para empresas de alto potencial de crecemento



---

**Medida: Favorecer a creación de novas empresas innovadoras no tecido galego, mediante o desenvolvemento de programas específicos (GALICIA BIOEMPRENDE), como xenéricos**

4.3.3. Servizos de Consultoría Especializada para a introducción de melloras

**Medida: Difundir na empresa e no sistema educativo galego as vantaxes competitivas que suporía o incremento da capacidade de innovación**

4.1.1. Programas de difusión de novas tendencias, ferramentas de xestión avanzadas.

4.3.4. Dinamización de programas de Benchmarking

Explicación dos obxectivos

Difusión da cultura emprendedora

BIC GALICIA manterá o desenvolvemento dunha serie de accións conducentes a dinamizar e inculcar o espírito emprendedor. Estas actividades, que se dirixen a persoas, potencialmente receptivas á alternativa emprendedora, lévanse a cabo tanto no entorno urbano coma no rural, sen descuidar o ámbito escolar (centros de educación reglada e non reglada).

Servizos de apoio á creación e desenvolvemento de empresas:

Os proxectos empresariais apoiados por BIC GALICIA dispoñen dun amplo abano de posibilidades de axuda, que van desde a formación especializada por materias de interese empresarial a titorías realizadas por persoal especializado. Todo isto para capacitar ó emprendedor para realizar o seu plan de viabilidade e a súa implantación.

Redes emprendedoras:

En Galicia existen diversas redes de apoio ó emprendedor; hainas de carácter formal, como son as Unidades de Promoción e Desenvolvemento, os Técnicos de Emprego e Desenvolvemento, os Grupos de Acción Local, etc., e informais, como son as colaboracións entre os servizos de asesoramento de varios organismos e entidades dentro dun mesmo contorno. BIC GALICIA traballa desde hai varios anos na cualificación destes axentes dispersos no territorio galego cuxa principal tarefa consiste no apoio á posta en marcha de novas empresas.

Apoio ó crecemento, fortalecemento e afianzamento das micropemes galegas

As micropemes xogan un importante papel no tecido empresarial galego e é imprescindible que o BIC GALICIA preste unha especial atención a este tipo de empresas. A supervivencia destas empresas pasa, de maneira casi ineludible, polo crecemento das

mesmas.

A participación en redes de cooperación e proxectos que favorezan a expansión das Pemes facilitando o seu acceso a novos mercados.

A cooperación e a internacionalización son palancas que nos axudarán a acelerar o crecemento deste tipo de empresas.

A detección de novas oportunidades de negocio.

Analizando as cadeas de valor dos sectores empresariais máis importantes da economía galega e mediante o desenvolvemento de metodoloxías adecuadas, pódense detectar espazos/oportunidades donde é posible a creación de novas empresas que as completen.

Incrementar a capacidade de xestionar a innovación das empresas galegas mediante a utilización de diversas ferramentas e metodoloxías, tanto xenéricas (formación) como específicas (programa Mentoring)

Tendo en conta a crecente importancia que cobra no eido empresarial a xestión do coñecemento e da capacidade de innovación nas empresas, faise imprescindible un maior impulso na mellora da cualificación dos recursos humanos como peza clave de apoio á mellora competitiva e consolidación empresarial. Mellorar a competitividade das pemes galegas a través da incorporación de persoas cun alto potencial de desenvolvemento do coñecemento existente nas organizacións e da capacidade de innovación das mesmas, convírtese en necesario.

A rede de empresarios galegos mentores apoiará a través da experiencia empresarial e directiva, a creación e fundamentalmente consolidación de empresas con alto potencial innovador.

Favorecer a creación de novas empresas innovadoras no tecido galego, mediante o desenvolvemento de programas específicos, como xenéricos.

Establecer un sistema de auténtica xestión da innovación nas empresas favorecendo a identificación de proxectos I+D+i e a mellora do posicionamiento competitivo da empresa, con riscos asumibles.

Difundir na empresa e no sistema educativo galego as vantaxes competitivas que suporía o incremento da capacidade de innovación.

Fomentar, transferir e integrar na realidade cotiá das pemes galegas e dentro do sistema educativo a cultura de planificación estratéxica e a innovación empresarial, así como deseñar e desenvolver metodoloxías, modelos de planificación e innovación e ferramentas de traballo facilmente asimilables e aplicables en ámbolos dous contornos.

### I.1.3. ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS				
CÓDIGO	ACTUACIÓN	IMPORTE	(1)	(2)
001AA	Programa de difusión da cultura emprendedora.	284.513	NON	NON
002AA	Desenvolvemento e implementación de metodoloxías e programas formativos de emprendedurismo nos centros de educación.	81.960	NON	NON
001AB	Servizos de diagnóstico, formación, asesoramento e seguimento de proxectos emprendedores.	284.352	NON	NON
001AC	Elaboración e adaptación das diversas ferramentas, recursos e soportes propios dirixidos ás redes emprendedoras.	259.102	NON	NON
<b>TOTAL</b>		<b>909.927</b>		

#### *Programa de difusión da cultura emprendedora.*

Desenvolverase unha actividade xeral de promoción dos valores empresariais do seu contorno, encamiñada a incentivar o nacemento de novos proxectos empresariais . Para isto daranse diversos seminarios coloquio sobre a creación de empresas por toda Galicia, baseados en experiencias empresariais de éxito.

Ademáis, BIC GALICIA participa e colabora de forma activa co IGAPE na organización e coordinación das actividades do Día do Emprendedor en Galicia. Do mesmo xeito participase con diversas ponencias, charlas, feiras e demáis presentacións institucionais nos que se dan a coñecer os recursos e servizos dispoñibles para os emprendedores.

#### *Desenvolvemento e implementación de metodoloxías e programas formativos de emprendedurismo nos centros de educación.*

BIC GALICIA e a Consellería de Educación mantieñen desde o ano 2005 un acordo de colaboración para fomentar o espírito emprendedor entre o alumnado dos ciclos formativos de formación profesional, cuxo alcance tamén se estendeu ós centros de educación secundaria obligatoria. Do mesmo xeito mantéñense colaboracións coas tres Universidades galegas.

Xunto coa Consellería de Traballo préstase asistencia técnica metodolóxica (incluíndo a preparación de materiais ) ó profesorado do módulo de Creación de Empresas que se imparte dentro dos cursos de Formación Ocupacional, que financia dita Consellería.

#### *Servizos de diagnóstico, formación, asesoramento e seguimento de proxectos emprendedores.*

Toda materialización dun proxecto de empresa esixe ter ós emprendedores motivados e arroupados. Analizando o traballo que realiza o emprendedor, detectamos que un dos elementos fundamentais na posta en marcha de iniciativas empresariais é dispoñer de boas ideas. Ademáis, a elaboración de Plans de empresa é máis efectiva se esa boa idea

se acompaña dun análise cualitativo e cuantitativo guiado por persoal técnico experto en labores de asesoramento.

Entre as actividades que conforman esta actuación destacamos a formación para a elaboración de plans de viabilidade, a elaboración de modelos de plans de negocio, a presentación de datos actualizados sobre actividades e sectores empresariais de especial interese, así como o dispoñer de información útil para a posta en marcha dos proxectos e todos aqueles recursos e ferramentas que faciliten ó emprendedor o traballo de crear unha empresa.

#### *Elaboración e adaptación das diversas ferramentas, recursos e soportes propios dirixidos ás redes emprendedoras.*

A participación e o apoio permanente á rede de axentes de emprego e desenvolvemento local e Unidades de Promoción e Desenvolvemento da Consellería de Traballo, Rede Extendida IGAPE, e demais institucións que prestan apoio á creación de empresas, son dous dos elementos claves na mellora das redes emprendedoras de Galicia.

Asimismo, hai que ter en conta a formación e cualificación dos axentes citados no uso dos recursos e ferramentas que se poñen a disposición dos emprendedores galegos.

ACTUACIÓNS				
CÓDIGO	ACTUACIÓN	IMPORTE	(1)	(2)
001BA	Programas de formación específicos destinados á consolidación empresarial.	250.899	NON	NON
001BB	Promoción e Participación en Proxectos de Cooperación internacional.	45.162	NON	NON
001BC	Detección de Oportunidades de Negocios.	371.331	NON	NON
<b>TOTAL</b>		<b>909.927</b>		

#### *Programa de formación específicos destinados á consolidación empresarial.*

Desenvolverase unha primeira labor de detección de necesidades de consolidación en micropemes e pemes a través de asociacións de empresas, clusters e demais entidades intermedias. Detectadas as necesidades de consolidación deseñárase un plan de formación específico co obxectivo de evitar a mortalidade empresarial sobre todo no tramo que vai dende o primeiro ano ao cuarto dende a posta en marcha da empresa. Este plan formativo presencial e on-line estruturarase en seminarios, talleres e xornadas que promoverán as cualidades e habilidades dos emprendedores, facilitando o networking, o intercambio de experiencias e un maior coñecemento entre os proxectos empresariais galegos. O obxectivo final é dar o apoio necesario ás micropemes e pemes para o seu crecemento e supervivencia.

#### *Promoción e Participación en Proxectos de Cooperación Internacional*

A través das asociacións de empresas, clústers e demais entidades intermedias, rea-

lizarase unha análise previa das necesidades de internacionalización das micropemes e pemes galegas co fin de reforzar a súa competitividade en materia de internacionalización. Ofreceranse servizos ás empresas dos sectores galegos máis representativos mediante a execución de accións de promoción e apoio de carácter internacional (Encontros Empresariais Sectoriais, Misións Comerciais, apoio técnico en Feiras Internacionais); Identificaranse novas oportunidades comerciais a través da cooperación empresarial, tecnolóxica e industrial (prospección de mercados); E crearanse vínculos a nivel institucional, tecnolóxico e empresarial para a detección de futuros proxectos de cooperación e oportunidades comerciais.

Por outro lado, organizaranse Talleres sectoriais, onde, en torno a unha actividade determinada, se pode avanzar en iniciativas de colaboración para a identificación de novas oportunidades de negocio, para a internacionalización e a identificación de sinerxias en mercados internacionais. Desta forma, identificaranse novos mercados de actuación e novas accións futuras entre empresas do mesmo sector, sectores distintos pero con estreita relación, ou ben entre sectores non relacionados pero compatibles que permitan aproveitar as sinerxias.

Dentro das actividades de Promoción e Participación en Proxectos de Cooperación Internacional priorizaranse dúas áreas estratéxicas para o tecido empresarial galego, a rexión Norte de Portugal (a través da participación das pemes galegas no novo programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal 2007-2013) e América Latina.

### *DetECCIÓN DE OPORTUNIDADES DE NEGOCIOS*

Deseñarase unha metodoloxía para o desenvolvemento completo da cadea de valor a través da cal se poden identificar "ocós" e posteriormente cubrilos a través da creación de novas empresas ou da atracción de outras xa existentes.

Desenvolverase unha actividade xeral de promoción desta iniciativa entre os Clústers e Asociacións de Empresas co obxecto de seleccionar os sectores prioritarios para Galicia nos que poñer en marcha esta metodoloxía mellorando así o acceso das empresas aos produtos e servizos que precisan.

ACTUACIÓNS				
CÓDIGO	ACTUACIÓN	IMPORTE	(1)	(2)
001CA	Desenvolvemento de Programas de Mentoring.	55.189	NON	SÍ
001CB	P. da Competitividade e innovación nas empresas.	122.340	NON	SÍ
002CB	A.T. para a promoción de Pemes de contido tecnolóxico.	245.645	NON	SÍ
001CC	Programas de difusión da innovación no sistema educativo.	183.993	NON	SÍ
<b>TOTAL</b>		<b>607.176</b>		

### *Desenvolvemento de Programas de Mentoring*

Dentro da rede galega de empresarios mentores incorporaránse empresas con alto potencial innovador para o cal se organizarán xornadas de difusión para a captación de empresas e mentores cos perfís requeridos.

### *Promoción da Competitividade e innovación nas empresas*

Poñerase en marcha o Modelo de Estretexia de Planificación e Innovación Empresarial nun grupo de empresas adecuándoo ás súas realidades concretas. Este Modelo inclúe a organización de xornadas de presentación, asesoramento, formación e actividades complementarias, seguimento, avaliación e difusión de resultados.

### *Asistencia técnica para a promoción de Pemes de contido tecnolóxico*

Para un adecuado apoio dos proxectos innovadores fomentárase a cooperación con entidades de servizos avanzados e Centros Tecnolóxicos. Ao mesmo tempo, levaranse a cabo accións de difusión da cultura innovadora e de sistemas de presentación de proxectos de I+D+i ós distintos programas de financiación existentes, tanto a nivel nacional como internacional.

### *Programas de difusión da innovación no sistema educativo*

Deseñárase un plan de formación e dinamización orientado a fomentar o espírito innovador dentro do sistema educativo galego. Este plan de formación incluírá a organización de Talleres de Innovación que axudarán ós alumnos a identificar, orientar e definir proxectos innovadores en calquera ámbito, desbloqueando así as principais barreiras á hora de innovar.

## **PROGRAMA DE INVESTIMENTOS**

Os investimentos de C.E.E.I. GALICIA, S.A. recollen as necesidades de mobiliario, software e hardware da sociedade, e que para o ano 2011 ascenden a 50.000 euros, que serán financiados integramente polo IGAPE.

## **FINANCIAMENTO**

A continuación recóllense as fontes de financiamento previstas en C.E.E.I. GALICIA, S.A. para o exercicio 2011:

SUBVENCIONS DE EXPLOTACION (€)	
FONDOS	IMPORTE
Total FPI IGAPE	651.147,18
FSE IGAPE	683.889,61
Cof. FSE IGAPE	227.963,20

SUBVENCIÓNS DE EXPLOTACIÓN (€)	
FONDOS	IMPORTE
Total FSE IGAPE	911.852,81
Total financiamento IGAPE	1.563.000,00
FSE Consellería Traballo	325.434,00
Total orzamento de ingresos	1.888.434,00

SUBVENCIÓNS DE CAPITAL (€)	
FONDOS	IMPORTE
FPI IGAPE	50.000

○ IGAPE financia toda a actividade de C.E.E.I. GALICIA S.A., a través de transferencias correntes ou de capital, segundo o destino das mesmas. Exclúese do financiamento do IGAPE aqueles proxectos con financiamento comunitario ou outros específicos, na contía en que estes son financiados por outro tipo de fondos. No orzamento de 2011 está incluído un proxectos deste tipo que se detallan a continuación:

PROXECTO	ORGANISMO	COSTES TOTAIS 2011	% FSE	IMPORTE FSE	% FPI IGAPE	IMPORTE IGAPE
UPD Coordina Local II	Consellería de Traballo	440.967,48	73,8%	325.434,00	26,2%	115.533,48

○ Proxecto Bioemprende foi aprobado o 28 de xaneiro de 2009 polo Comité de Xestión do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal.

No marco do proxecto BIOEMPRENDE, deseñárase un programa de recursos para o desenvolvemento de empresas biotecnolóxicas no que se incluírá unha análise da cultura emprendedora e detección das oportunidades de negocio no ámbito da biotecnoloxía, o desenvolvemento do potencial humano para a innovación empresarial na biotecnoloxía e a identificación dos axentes públicos e privados para a creación e consolidación das empresas biotecnolóxicas.

Ainda que o proxecto Bioemprende finaliza no ano 2010, concédese unha prórroga de 6 meses por parte do POCTEP

## CONDICIONANTES E OUTROS FACTORES DE INCIDENCIA NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

### Gastos de persoal:

Os orzamentos de persoal están calculados tendo en conta a conxelación salarial.

Resumo dos gastos de persoal exercicios 2009-2013

ENTIDADE DE CAPITAL RISCO	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
Soldos, salarios e asimilados DE, F.C.R.	441.131,65	590.930,57	737.379,55	581.751,43	581.751,43

ENTIDADE DE CAPITAL RISCO	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
Cargas sociais 2000, F.C.R.	138.235,33	198.456,55	286.758,71	164.248,57	164.248,57
<b>TOTAL</b>	<b>579.366,98</b>	<b>789.387,12</b>	<b>1.024.138,26</b>	<b>746.000,00</b>	<b>746.000,00</b>

En canto as variacións na plantilla salienta que, no exercicio 2009 foi aprobado o proxecto UPD Coordina local II, este feito implicaría a necesidade de cubrir 10 postos de traballo de carácter temporal, durante a duración efectiva do proxecto e causou alta unha administrativa do proxecto UPD Coordina local II e no exercicio 2010 foi contratado o resto do persoal. Asemade, no marco do proxecto Bioemprende, e con financiación FEDER, para o exercicio 2010 contratouse temporalmente un técnico. Tamén se contratou una Directora Xeral para o C.E.E.I. Galicia S.A.

#### *Servizos exteriores:*

Os servizos exteriores contemplados no orzamento non se corresponden en ningún caso con actuacións realizadas anteriormente á citada contratación por persoal propio da entidade.

#### *Subvencións concedidas pola empresa:*

C.E.E.I. GALICIA, S.A. non concede ningún tipo de subvención.

#### *Subvencións á explotación:*

ENTIDADE CONCEDENTE	TIPO DE FONDO	2009 (€)	2010 (€)	2011 (€)
IGAPE	FSE/FPI	2.030.000,00	2.631.195,90	1.563.000,00
UE a través do Ministerio de Economía y Hacienda	FEDER		-	-
Comité Xestión Programa Cooperación Transfronteiriza España-Portugal	FEDER	100.000,00	396.750,00	-
UE a través do IGAPE	FEDER	90.000,00		-
Consellería de Traballo	FSE		355.019,10	325.434,00
<b>TOTAL</b>		<b>2.220.000</b>	<b>3.382.965</b>	<b>1.888.434</b>

#### *Adquisicións de inmovilizado financeiro:*

Non se prevé a adquisición de ningún inmovilizado financeiro.

#### *Aportacións de capital:*

Non se prevé recibir ningunha aportación de capital



*Subvencións de capital:*

ENTIDADE CONCEDENTE	2009 (€)	2010 (€)	2011 (€)
IGAPE	29.060,86	50.000	50.000

*Financiamento alleo a longo prazo:*

Non se prevé ningún tipo de financiamento alleo a longo prazo.

<b>Total</b>		
--------------	--	--



ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
CENTRO EUROPEO EMPRESAS E INNOV. GALICIA				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>127</b>	<b>147</b>	<b>204</b>
	<b>I. Inmobiliado intanxible</b>	<b>41</b>	<b>51</b>	<b>80</b>
201, (2801), (2901)	1. Desenvolvemento			
202, (2802), (2902)	2. Concesións			
203, (2803), (2903)	3. Patentes, licencias, marcas e similares			
204	4. Fondo de comercio			
206, (2806), (2906)	5. Aplicacións informáticas	41	51	80
205, 209, (2805), (2905)	6. Outro inmovilizado intanxible			
	<b>II. Inmobiliado material</b>	<b>29</b>	<b>40</b>	<b>64</b>
210, 211, (2811), (2910), (2911)	1. Terreos e construcións			
212, 213, 214, 215, 216, 217, 218, 219, (2812), (2813), (2814), (2815), (2816), (2817), (2818), (2819), (2912), (2913), (2914), (2915), (2916), (2917), (2918), (2919)	2. Instalacións técnicas, e outro inmovilizado material	29	40	64
23	3. Inmobiliado en curso e anticipos			
	<b>III. Investimentos inmobiliarios</b>			
220, (2920)	1. Terreos			
221, (282), (2921)	2. Construcións			
	<b>IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo</b>			
2403, 2404, (2493), (2494), (293)	1. Instrumentos de patrimonio			
2423, 2424, (2953), (2954)	2. Créditos a empresas			
2413, 2414, (2943), (2944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	<b>V. Investimentos financeiros a longo prazo</b>	<b>56</b>	<b>56</b>	<b>60</b>
2405, (2495), 250, (259)	1. Instrumentos de patrimonio	17	17	15
2425, 252, 253, 254, (2955), (298)	2. Créditos a terceiros			
2415, 251, (2945), (297)	3. Valores representativos de débeda	-3	-3	
255	4. Derivados			
258, 26	5. Outros activos financeiros	42	42	45
474	VI. Activos por imposto diferido	1	1	
	<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>1.884</b>	<b>1.853</b>	<b>1.091</b>
580, 581, 582, 583, 584, (599)	<b>I. Activos non correntes mantidos para a venda</b>			
	<b>II. Existencias</b>			
30, (390)	1. Comerciais			
31, 32, (391), (392)	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
33, 34, (393), (394)	3. Productos en curso			
35, (395)	4. Productos terminados			
36, (396)	5. Subproductos, residuos e materias recuperados			
407	6. Anticipos a proveedores			
	<b>III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar</b>	<b>1.558</b>	<b>1.421</b>	<b>653</b>
430, 435, 436, (437), (490), (4935)	1. Clientes por vendas e prestacións de servizos			
433, 434, (4933), (4934)	2. Clientes, empresas do grupo e asociadas			
44, 5531, 5533	3. Debedores varios	9	9	
460, 544	4. Persoal			
4709	5. Activos por imposto corrente	3	4	3

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

CENTRO EUROPEO EMPRESAS E INNOV. GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
4700, 4708, 471, 472	6. Outros créditos coas Administracións Públicas	1.546	1.408	650
5580	7. Accionistas ( socios ) por desembolsos esixidos			
	IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
5303, 5304, (5393), (5394), (593)	1. Instrumentos de patrimonio			
5323, 5324, 5343, 5344, (5953), (5954)	2. Créditos a empresas			
5313, 5314, 5333, 5334, (5943), (5944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
5353, 5354, 5523, 5524	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo	11	11	23
5305, (5395), 540, (549)	1. Instrumentos de patrimonio			
5325, 5345, 542, 543, 547, (5955), (598)	2. Créditos a empresas			
5315, 5335, 541, 546, (5945), (597)	3. Valores representativos de débeda			
5590, 5593	4. Derivados			
5355, 545, 548, 551, 5525, 565, 566	5. Outros activos financeiros	11	11	23
480, 567	VI. Periodificacións a curto prazo	5	5	
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	309	415	415
570, 571, 572, 573, 574, 575	1. Tesourería	309	415	415
576	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	<b>TOTAL ACTIVO ( A+B )</b>	<b>2.011</b>	<b>2.000</b>	<b>1.294</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

CENTRO EUROPEO EMPRESAS E INNOV. GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>268</b>	<b>346</b>	<b>319</b>
	<b>A.1) Fondos propios</b>	<b>206</b>	<b>284</b>	<b>205</b>
	<b>I. Capital</b>	<b>199</b>	<b>199</b>	<b>199</b>
100, 101, 102	1. Capital escriturado	199	199	199
(1030), (1040)	2. ( Capital non esixido)			
110	II. Prima de emisión			
	III. Reservas		7	6
112, 1141	1. Legal e estatutarias			
113, 1140, 1142, 1143, 1144, 115, 119	2. Outras reservas		7	6
(108), (109)	IV. ( Accións e participacións no patrimonio propias )			
	V. Resultados de exercicios anteriores	-18	54	
120	1. Remanente			
(121)	2. ( Resultados negativos de exercicios anteriores)	-18	54	
118	VI. Outras aportacións de socios			
129	VII. Resultado do exercicio	25	24	
(557)	VIII. ( Dividendo a conta )			
111	IX. Outros instrumentos do patrimonio neto			
	<b>A.2) Axustes por cambios de valor</b>			
133	I. Activos financeiros disponibles para a venda			
1340	II. Operacións de cobertura			
137	III. Outros			
130, 131, 132	<b>A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos</b>	<b>62</b>	<b>62</b>	<b>113</b>
	<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>63</b>	<b>63</b>	<b>72</b>
	<b>I. Provisións a longo prazo</b>	<b>42</b>	<b>42</b>	<b>45</b>
140	1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal	42	42	45
145	2. Actuacións medioambientais			
146	3. Provisións por reestructuración			
141, 142, 143, 147	4. Outras provisións			
	<b>II. Débedas a longo prazo</b>			
177, 178, 179	1. Obrigas e outros valores negociables			
1605, 170	2. Débedas con entidades de crédito			
1625, 174	3. Acredores por arrendamento financeiro			
176	4. Derivados			
1615, 1635, 171, 172, 173, 175, 180, 185, 189	5. Outros pasivos financeiros			
1603, 1604, 1613, 1614, 1623, 1624, 1633, 1634	III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
479	IV. Pasivos por imposto diferido	21	21	27
181	V. Periodificacións a longo prazo			
	<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>1.680</b>	<b>1.591</b>	<b>904</b>
585, 586, 587, 588, 589	<b>I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda</b>			
499, 529	<b>II. Provisións a curto prazo</b>			
	<b>III. Débedas a curto prazo</b>	<b>16</b>		<b>6</b>
500, 501, 505, 506	1. Obrigas e outros valores negociables			
5105, 520, 527	2. Débedas con entidades de crédito			
5125, 524	3. Acredores por arrendamento financeiro			
5595, 5598	4. Derivados			
(190), (192), 194, 509, 5115, 5135, 5145, 525, 526, 528, 551, 5525, 5530, 5532, 555, 5565, 5566, 560, 561, 569	5. Outros pasivos financeiros	16		6

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

CENTRO EUROPEO EMPRESAS E INNOV. GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
5103, 5104, 5113, 5114, 5123, 5124, 5133, 5134, 5143, 5144, 5523, 5524, 5563, 5564	IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	1.664	1.591	898
400, 401, 405, (406)	1. Provedores	933	874	447
403, 404	2. Provedores, empresas do grupo e asociadas			
41	3. Acredores varios	25	28	25
465, 466	4. Persoal ( remuneracións pendentes de pago)	2	1	
4752	5. Pasivos por imposto corrente			
4750, 4751, 4758, 476, 477	6. Outras débedas coas Administracións Públicas	704	688	426
438	7. Anticipos clientes			
485, 568	VI. Periodificacións a curto prazo			
	<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO ( A+B+C )</b>	<b>2.011</b>	<b>2.000</b>	<b>1.294</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
CENTRO EUROPEO EMPRESAS E INNOV. GALICIA				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	<b>A) OPERACIONES CONTINUADAS</b>			
	1. Importe neto da cifra de negocios			
700, 701, 702, 703, (708)	a) Ventas			
705	b) Prestacións de servizos			
(6930), 71, 7930	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.			
73	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
(600), 6060, 6080, 6090, 610	4. Aprovisionamentos	-1.515	-970	-668
	Consumo de mercaderías			
(601), (602), 6061, 6062, 6081, 6082, 6091, 611, 612	Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
(607)	Traballos realizados por outras empresas	-1.515	-970	-668
(6931), (6932), (6933), 7931, 7932, 7933	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
75	5. Outros ingresos de explotación	2.348	1.872	1.882
740, 747	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente			
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	2.348	1.872	1.882
(640), (641), (6450)	6. Gastos de persoal	-579	-789	-1.024
(642), (643), (649)	Soldos, salarios e asimilados	-441	-591	-794
(644), (6457), 7950, 7957	Cargas sociais	-138	-198	-230
	Provisións			
(62)	7. Outros gastos de explotación	-277	-219	-190
(631), (634), 636, 639	Servicios exteriores	-116	-129	-110
(650), (694), (695), 794, 7954	Tributos	-162	-90	-80
(651), (659)	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais			
(68)	Outros gastos de xestión corrente			
746	8. Amortización do inmovilizado	-31	-34	-40
7951, 7952, 7955, 7956	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	31	34	40
	10. Excesos de provisións			
(690), (691), (692), 790, 791, 792	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.	41	99	
(670), (671), (672), 770, 771, 772	a) Deterioros e perdas			
	b) Resultado por alleamentos e outras	41	99	
	<b>A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)</b>	<b>18</b>	<b>-7</b>	
	12. Ingresos financeiros	10	31	
7600, 7601	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
7602, 7603	En empresas do grupo e asociadas			
	En terceiros	10	31	
7610, 7611, 76200, 76201, 76210, 76211	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
7612, 7613, 76202, 76203, 76212, 76213, 767, 769	De empresas do grupo e asociados			
	De terceiros	10	31	
(6610), (6611), (6615), (6616), (6620), (6621), (6640), (6641), (6650), (6651), (6654), (6655)	13. Gastos financeiros			
	a) Por débedas con empresas do grupo			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
CENTRO EUROPEO EMPRESAS E INNOV. GALICIA				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
(6612), (6613), (6617), (6618), (6622), (6623), (6624), (6642), (6643), (6653), (6656), (6657), (669)	b) Por débedas con terceiros.			
(660)	c) Por actualización de provisións			
	14. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
(6633), 7630, 7631, 7633	a) Carteira de negociación e outros			
(6632), 7632	b) Imputación ó resultado do exercicio por activos financeiros disponibles para a venta			
(668), 768	15. Diferencias de cambio			
	16. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	-3		
(696), (697), (698), (699), 796, 797, 798, 799	a) Deterioro e perdas	-3		
(666), (667), (673), (675), 766, 773, 775	b) Resultado por alleamentos e outras			
	A.2) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)	7	31	
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	24	24	
6301, (633), 638	17. Imposto sobre beneficios			
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+17)	25	24	
	B) OPERACIÓNS INTERRUPTIDAS			
	18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+18)	25	24	



ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
CENTRO EUROPEO EMPRESAS E INNOV. GALICIA			
CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
1. Recursos aplicados nas operacións	2.373	1.979	1.882
a. redución de existencias de produtos terminados e en curso			
b. aprovisionamentos	1.515	970	668
c. servizos exteriores	116	129	110
d. tributos	162	90	80
e. gastos de persoal	579	789	1.024
f. prestacións sociais			
g. transferencias e subvencións			
h. gastos financeiros			
i. outras perdas de xestión correntes e gastos excepcionais			
2. Pagos pendentes de aplicación			
3. Activos non correntes mantidos para a venda			
4. Adquisicións de inmovilizado:	45	-50	-50
a. Inmovilizacións intanxibles	38	-32	-25
b. Inmovilizacións materiais	8	-18	-25
c. Investimentos inmobiliarios			
d. Investimentos financeiros			
5. Diminucións directas de patrimonio			
a. En adscrición			
b. En cesión			
c. Entregado ao uso xeral			
6. Cancelación ou traspaso a CP de débedas a LP			
a. Empréstitos e pasivos análogos			
b. Por préstamos recibidos			
c. Outros conceptos			
7. Deterioro de valor			
<b>TOTAL APLICACIÓNS</b>	<b>2.418</b>	<b>1.929</b>	<b>1.832</b>
1. Recursos procedentes das operacións	2.400	2.036	1.807
a. Ventas			
b. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso			
c. Taxas, prezos públicos e contribucións especiais			
d. Transferencias e subvencións correntes	2.348	1.872	1.882
i. Do Estado	177		
ii. Da comunidade Autónoma	2.171	1.872	1.882
iii. Da UE			
e. Ingresos financeiros	10	31	
f. Outros ingresos de xestión corrente e ingresos excepcionais	42	132	-75
g. Reversión deterioro de activos circulantes			
2. Cobros pendentes de aplicación			
3. Incrementos directos de patrimonio			
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma			
iii. Da UE			
4. Transferencias e subvencións de capital	45	-50	-50
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma	45	-50	-50
iii. Da UE			
5. Débedas a longo prazo			
a. Empréstitos e outros pasivos análogos			
b. Préstamos recibidos			
c. Outros conceptos			
6. Alleamento de inmovilizado			
a. Inmovilizacións intanxibles			
b. Inmovilizacións materiais			
c. Investimentos inmobiliarios			
7. Cancelación ou traspaso a CP de investimentos financeiros			
<b>TOTAL ORIXES</b>	<b>2.445</b>	<b>1.986</b>	<b>1.757</b>
Aumento/Diminución de Capital Circulante	27	57	-75
<b>VARIACION DO CAPITAL CIRCULANTE aumentos(+) / diminucións (-)</b>			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
CENTRO EUROPEO EMPRESAS E INNOV. GALICIA			
CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
1. Existencias			
2. Debedores	456	-137	-768
a. orzamentarios	456	-137	-768
b. non orzamentarios			
c. por administración de recursos doutros entes			
3. Acredores	-529	89	687
a. orzamentarios	-529	89	687
b. non orzamentarios			
c. por administración de recursos doutros entes			
4. Investimentos financeiros temporais	-20		11
5. Empréstitos e outras débedas a corto prazo			
a. empréstitos e outras emisións			
b. préstamos recibidos e outros conceptos			
6. Outras contas non bancarias			
7. Tesourería	123	106	
a. Caixa			
b. Bancos	123	106	
8. Axustes por periodificación	-2		-5
<b>Total Variación do Capital Circulante</b>	<b>27</b>	<b>57</b>	<b>-75</b>